

Expediente núm.: 196/2024**Procedemento:** Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)**Asunto:** Ordenanza reguladora do préstamo de material asistencial para persoas con discapacidades.

CONSULTA PÚBLICA

SUMARIO

Providencia de Alcaldía do Concello de Outes pola que se dispón o inicio do trámite de consulta pública de préstamo de material asistencial para persoas con discapacidade que ten por obxecto o préstamo de material asistencial para persoas con discapacidade.

i

TEXTO

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, e no marco do proceso de elaboración do proxecto de **Ordenanza Reguladora sobre préstamo de material asistencial para persoas con discapacidade**, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca dos aspectos indicados a continuación:

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	No concello de Outes aumenta cada día a necesidade de axudar a persoas maiores e con discapacidade ou dificultades de autonomía persoal, e unha destas necesidades que observamos é a de adquisición de material asistencial para atención no domicilio.
Necesidade e Oportunidade da súa aprobación	O material asistencial que empregan as persoas maiores e/ou con dependencia/discapacidade ou dificultades de autonomía persoal, ten un custe elevado e son moitas as familias que teñen moitas dificultades para poder adquirilo polos seus propios medios. En consecuencia, este Concello desexa contribuir ao alivio da carga que supón a adquisición de dito material asistencial, en casos de reducidos ingresos dos veciños e das veciñas de Outes
Obxectivos da norma	Establecemento dun sistema de préstamo de material asistencial a persoas maiores e/ou con discapacidade ou dificultades de autonomía persoal, previa presentación da correspondente solicitude e pago dunha fianza do 10% do prezo do material.
Posibles solucións	Resulta preciso aprobar unha Ordenanza Municipal xa que



alternativas regulatorias e non regulatorias	actualmente este municipio carece de toda clase de regulación nesta materia, e a fin de por en marcha este novo Servizo.
---	--

A **proposta de Ordenanza redactada** polo Departamento de Servizos Sociais pode consultarse como **ANEXO ó presente Anuncio**.

Os/as cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de 20 días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa **presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas**.



ORDENANZA REGULADORA DO PRÉSTAMO DE MATERIAL ASISTENCIAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADES E/OU DEPENDENCIA DO CONCELLO DE OUTES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 41 da Constitución recolle o deber dos poderes públicos de garantir a asistencia e as prestacións suficientes para a cidadanía en situacións de necesidade, e o artigo 43 recolle o dereito da cidadanía á protección da saúde.

O artigo 25.2.e da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local formula o deber dos Concellos de avaliar as situacións de necesidade social e prestar atención inmediata ás persoas que se atopen en situación ou risco de exclusión social.

O Concello de Outes adquiriu determinado material de asistencia destinado ás persoas con discapacidade e/ou dependencia e que vivan momentos de problemas de saúde temporais ou crónicos, a fin de paliar, na medida do posible, a súa situación e axudar a súa superación ou mellora.

En consecuencia, e como resumo, este Concello desexa contribuír ao alivio da carga que supón a adquisición de dito material asistencial, en casos de reducidos ingresos ou problemas económicos dos veciños e das veciñas de Outes, e desexa que os préstamos do material se vexan regulados por unha Ordenanza que, a súa vez, garanta a devolución do material cedido en préstamo.

Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación

Estas bases establecen as normas que deben rexer o préstamo de material municipal que se recolle no anexo I, cuxa finalidade reside na reutilización eficaz de dito material, posto a disposición da veciñanza do concello de Outes que o precise e que cumpra os requisitos para ter acceso ao mesmo.

Artigo 2.- Persoas destinatarias

Con carácter xeral, serán persoas beneficiarias do servizo de préstamo de material sanitario os veciños e veciñas de Outes, empadroadas neste Concello, que teñan recoñecida a situación de dependencia ou/e discapacidade ou a teñan solicitada con anterioridade á solicitude do préstamo e que acrediten a necesidade das actuacións solicitadas, cuxa renda per cápita da unidade de convivencia da que forma parte o solicitante non supere o 125% do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM) establecido para este ano 2023, incluíndo as pagas extraordinarias. Cando a unidade familiar estea formada por dous membros este límite elevarase ata o 150% do IPREM e cando estea formada por un só membro ata o 175% do IPREM.

Considérase **unidade de convivencia (UC)** o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio e manteñan, con respecto á persoa solicitante, un



vínculo por matrimonio ou análoga relación estable por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao, respectivamente.

En caso de que non se conte con suficiente material para o préstamo, priorizarase a aquelas persoas, cuxos ingresos da súa unidade familiar de convivencia sexan máis baixos.

Artigo 3.- Préstamo

O material municipal cederase en préstamo para o seu uso fóra das instalacións municipais, na vivenda das persoas beneficiarias.

A persoa cesionaria será a responsable da devolución do material cedido en préstamo en perfecto estado de conservación.

Establécese unha fianza por un importe do 10% do prezo actualizado de dito material a disposición do Concello, que garante o cumprimento de todas as obrigas subliñadas na presente Ordenanza municipal e que non será devolta ata que sexa entregado o material municipal cedido nas mesmas condicións nas que se lle prestou, e no prazo que corresponda. Todo isto sen prexuízo da maior indemnización a que puidera estar suxeito por causa das obrigas anteditas.

Artigo 4.- Solicitud de uso de material asistencial para persoas con discapacidade e/ou dependencia

1. A solicitude de préstamo do material asistencial deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Outes, cubrindo o impreso de solicitude do Anexo II, facendo constar:
 - a. O recoñecemento por parte da persoa solicitante de que o Concello de Outes é o lexítimo propietario do material cedido.
 - b. A declaración do deber na conservación do material cedido para que estea en perfecto estado e de devolvelo no prazo que corresponda.
 - c. A asunción do deber de pago do custo do material cedido e as penalizacións recollidas na presente ordenanza en caso de incumprir co seu deber de devolución no prazo de devolución do material en bo estado de conservación, segundo se regula nesta ordenanza.
 - d. A declaración da persoa solicitante de coñecer a imposibilidade de ceder, por ningún título, período, nin concepto, o uso do material cedido a terceiros.
 - e. A aceptación de que se cargue na súa conta corrente o importe que resulte polo deterioro ou perda do material cedido. No Anexo III poderá cubrirse o documento de aceptación de cargo na conta bancaria.
2. Deberase achegar coa solicitude a seguinte documentación:



- DNI ou NIE da persoa solicitante.
- Certificado do grao de dependencia e/ou discapacidade ou xustificante de ter presentado a solicitude dos mesmos.
- Autorización de domiciliación bancaria do pago do material extraviado ou deteriorado no seu caso.
- Certificado bancario da conta na que conste como titular.
- Certificado de empadramento no Concello de Outes.
- Informe médico onde se recomende o uso do material solicitado.
- Fotocopia da Declaración da Renda das Persoas Físicas de tódolos membros da unidade de convivencia correspondente ao último exercicio fiscal. De non tela presentado, autorización ao concello para obter datos da AET.
- No caso de non dispoñer de datos fiscais, certificado anual dos ingresos percibidos no ano 2021 expedido polo organismo correspondente, das pensións da Seguridade social, subsidio de desemprego, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade familiar.

Artigo 5.- Forma de uso do material ortopédico e de asistencia

O material asistencial cedido usarase para o fin e destino que corresponde a cada ben e poderase usar durante o período necesario para a curación das doenzas ou enfermidades que requiran o seu uso.

Artigo 6.- Devolución

A devolución do material realizarase no local municipal establecido para o almacenamento do mesmo, onde un empregado ou empregada municipal supervisará que se devolve en condicións axeitadas. Aquelas persoas que non respecten os prazos de entrega e recollida do material, sen prexuízo doutras consecuencias previstas nesta ordenanza, perderán o dereito a acceder novamente ao dereito de préstamo de material municipal de calquera índole.

Artigo 7.- Incumprimento do deber de devolución

Sen prexuízo da facultade de recuperación dos bens prestados prevista na Lei e na presente ordenanza, o incumprimento das obrigacións asinadas na solicitude, e en concreto, o incumprimento do deber de devolver o material no prazo autorizado e no debido estado implica Concello teña dereito a cobrar o importe dos materiais cedidos, ademais da non devolución da fianza depositada.

No caso de transcorreren quince días desde o momento no que tivera que terse producido a devolución do material, e esta non se tivese realizado, o Concello remitirá un requirimento formal ao cesionario para a inmediata devolución e



notificarase mediante publicación no taboleiro de anuncios.

Se pasasen dez días desde que se recibiu o requirimento, e aínda non se tivese producido a devolución, o material pasará a ser considerado extraviado, polo que se poderá optar pola recuperación, segundo se recolle no artigo seguinte, ou esixirase á persoa cesionaria o pagamento do custe do material. Igualmente, se o material se devolve cun deterioro superior ao debido polo seu uso normal, esixirase á persoa cesionaria o pago do custo do material, descontando á fianza, que non será devolta.

Artigo 8.- Facultade de recuperación

O Concello de Outes poderá recobrar os bens cedidos que non teñan sido devoltos no prazo dun ano desde a data na que, segundo esta ordenanza, deberían ter sido devoltos, delegando o Pleno da Corporación na Alcaldía a facultade de recuperación dos bens patrimoniais regulados pola presente Ordenanza.

A decisión de acudir aos Tribunais, no suposto de bens cedidos para os que transcorresen máis dun ano, recaerá no Pleno da Corporación.

Artigo 9.- Consecuencias da non devolución

En todo caso, non se poderá prestar material municipal a ningunha persoa que previamente non cumpra co seu deber de devolución do material cedido e non teña abonado o custe do material non devolto.

No caso de non poder devolver o material nin facer fronte ao pago do previsto no artigo 7, reclamarase xudicialmente o pago correspondente, se así o decidise a Corporación Municipal.

Artigo 10.- Cumprimento da Lei de protección de datos persoais

A presentación das solicitudes recollidas nesta ordenanza implica a autorización expresa ao Concello de Outes e ao seu persoal para o almacenamento, tratamento, custodia e conservación dos datos persoais recollidos nos documentos subscritos.

Así mesmo, implica a aceptación expresa da cesión dos datos persoais a letrados/as e procuradores/as que representen ao Concello e aos xulgados e tribunais no caso de reclamacións xudiciais e extraxudiciais polo incumprimento do previsto nesta ordenanza.

A anulación da autorización relativa aos datos persoais implica a revogación automática de calquera préstamo do que estea desfrutando a persoa que solicite a anulación, tendo que devolver o material cedido previamente á tramitación da anulación dos datos persoais.

Calquera modificación ou anulación dos datos persoais deberase levar a cabo ante o Concello de Outes.

Disposición final. Entrada en vigor



Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte trala súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

ANEXO I

INVENTARIO DE MATERIAL ASISTENCIAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E/OU DEPENDENCIA

- 4 VARANDAS DE PROTECCIÓN
- 1 TÁBOAS DE ASENTO PARA BAÑEIRA
- 2 ASENTOS XIRATORIOS DE BAÑEIRA
- 3 TABURETES CON RESPALDO BAÑO
- 4 CAMAS ARTICULADAS ELÉCTRICAS
- 5 CADEIRAS DE INODORO
- 5 GUINDASTRES ELÉCTRICOS
- 3 CADEIRAS DE RODAS DE BAÑO
- 5 CADEIRAS CON WC RODAS



ANEXO II**LICITUDE DE PRÉSTAMO DE MATERIAL ASISTENCIAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E/OU DEPENDENCIA DO CONCELLO DE OUTES****DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS	
DIRECCIÓN	
TELÉFONO	Enderezo electrónico:

NA SÚA REPRESENTACIÓN (representante legal ou gardador de feito)

NOME E APELIDOS	DNI
------------------------	------------

licito o préstamo de:

tales efectos suscribo esta solicitud de préstamo coas seguintes cláusulas que se recogen en tódolos seus termos:

Coñezo a Ordenanza municipal reguladora de la cesión de material asistencial municipal de Outes, e comprométome a devolver o material no prazo e en as condicións recollidas na mesma.

Declaro que o material solicitado é de propiedade do Concello de Outes.

Acepto e asumo persoalmente o deber de conservar o material cedido en perfecto estado e de devolvelo no prazo correspondente.

Recibo o material cedido en perfecto estado de conservación.

Declaro o meu deber de non ceder o material cedido, por ningún título ni prazo a terceiras persoas.

Asumo e acepto expresamente o deber aboar o custo do material cedido e as penalizacións recollidas na Ordenanza en caso de que incumpra o deber de devolución no prazo e de devolución do material en bo estado de conservación segundo se regula na citada ordenanza.

Acepto expresamente que se cargue na miña conta corrente o importe de _____, correspondente a fianza derivada do préstamo do material cedido que me debe ser entregada no momento en que realice a devolución deste material en boas condicións, só cos desgastes propios do seu uso.

Acepto expresamente que se cargue na miña conta corrente o importe que corresponda, segundo a ordenanza, polo retraso, perda ou deterioro que non derive do desgaste propio do uso do material cedido.

Autorizo expresamente ao Concello de Outes e aos traballadores sociais municipais para o almacenamento, tratamento, custodia e conservación dos datos persoais recollidos na presente solicitud ou derivados da mesma. Así mesmo, acepto expresamente a cesión dos meus datos persoais aos letrados/as e procuradores que representen ao Concello de Outes e aos xulgados e tribunais en caso



reclamacións xudiciais e extraxudiciais polo incumprimento do previsto ordenanza reguladora da cesión de material municipal de Outes.

Declaro coñecer que calquera modificación ou anulación dos datos perso deberase levar a cabo ante o Concello de Outes.

stes efectos, achego:

Certificado bancario da conta na que consto como titular.

Autorización de domiciliación bancaria do pago do material extraviado ou deteriorado no seu caso.

Informe médico que concrete á necesidade do material solicitado.

Fotocopia do DNI.

Fotocopia da Declaración da Renda das Persoas Físicas de tódolos membros da unidade de convivencia correspondente ao último exercicio fiscal. De non estar presentado, autorización ao concello para obter datos da AET.

No caso de non dispoñer de datos fiscais, certificado anual dos ingresos percibidos no ano 2021 expedido polo organismo correspondente, das pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, RISGA ou calquera outra prestación pública que estea a percibir por calquera dos membros da unidade familiar.

Para que conste, asino o presente en Outes, a _____ de _____ de 20____

_____ solicitante/representante/gardador de feito

do. _____



ANEXO III

TORIZACIÓN AO CONCELLO DE OUTES DE CARGO NA CONTA BANCARIA

ñ/dona _____ maior de idade
D.N.I. nº: _____, solicitante ou representante/gardador de fe
_____ (sublíñese o que proceda), c
nicilio a efectos de comunicación e notificación

TORIZO ao Concello de Outes para que cargue na miña conta banca
_____ o importe que corresponda a fianza
o custe derivado da perda ou deterioro do material que se me ceda.

TORIZO o almacenamento, tratamento e conservación dos meus datos perso
itidos neste documento, polo Concello de Outes segundo declaración achegada.

Para que así conste, asino en Outes, a ____ de _____ de 20__.

A/O solicitante/representante/gardador de feito

Asdo. _____

